

## João Garcia de Guilhade

Rubrica

Amigos, quero-vos dizer  
a mui gram coita 'm que me tem  
ũa dona que quero bem,  
e que me faz ensandecer;  
e, catando pola veer,  
assi and'eu, assi and'eu,  
assi and'eu, assi and'eu,  
assi and'eu, assi and'eu.

E já m'eu conselho nom sei,  
ca já o meu adubad'é,  
e sei mui bem, per bõa fé,  
que já sempr'assi andarei:  
catando se a veerei,  
assi and'eu, assi and'eu,  
assi and'eu, assi and'eu,  
assi and'eu, assi and'eu.

E já eu nom posso chorar,  
ca já chorand'ensandeci,  
e faz-mi amor andar assi  
como me veedes andar:  
catando per cada logar,  
assi and'eu, assi and'eu,  
assi and'eu, assi and'eu,  
assi and'eu, assi and'eu.

E já o nom posso negar:  
alguém me faz assi andar.